

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 10/02/2025**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 10/02/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03 de febreiro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2025/0261**

Dáse conta do escrito presentado por D. Moisés Campos Maneiro, en representación da Asociación Enanito de las Uvas, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Alameda de Carril, coa instalación dunha carpa dunha superficie de 250 m<sup>2</sup>, aproximadamente, con motivo da celebración do segundo xantar de San Fiedel de Carril, o día 1 de marzo de 2025.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, sen prexuízo da correspondente autorización de Portos de Galicia, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta a Portos de Galicia, por ser o titular dos terreos, aos efectos oportunos.

**PRP2025/0311**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento

presentado pola Empresa PEYCAR PONTEVEDRA SL, para o subministro de roupa de uniformidade do cadro de persoal de nova incorporación do Servizo da Policía Local, por un importe total de 3.043,16 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/0336**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto en publicidade (micro espazo e cuñas) para a difusión das iniciativas de desenvolvemento local, en Radio Arosa-Cadena Ser durante o 1ª semestre do ano 2025, de conformidade co orzamento presentado por Radio Pontevedra, por importe de 7.260,00€(ive engadido), con cargo á partida 926-22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/0372**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Electronic Trafic SA para a reparación do semáforo situado na Rúa Camilo José Cela (O Piñeiriño) que resultou danado o 27 de xaneiro durante unha tormenta, por un importe total de 6.392,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/0373**

Dáse conta de Proposta do Servizo de Alumeado Público para a compra de drivers de distinta potencia e equipo de regulación e programación de intensidade lumínica.

Co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética e optimizar o funcionamento da iluminación pública, propónse a adquisición de drivers de distinta potencia e dun equipo específico para a regulación e programación da intensidade lumínica en función dos horarios. Os drivers programaranse para que as luminarias LED proporcionen unha maior intensidade lumínica durante as primeiras horas da noite e da mañá, reducindo progresivamente a súa intensidade nas franxas horarias intermedias. Este sistema permitirá un aforro enerxético significativo sen comprometer a seguridade e a visibilidade das vías públicas.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Grupo Electro Stocks SLU - Kilovatio Arosa, para o subministro de drivers de distinta potencia e equipo de regulación e programación de intensidade lumínica, por un importe total de 4.277,41 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/0374**

O pasado 27 de xaneiro de 2025, unha forte tormenta afectou o alumeado público de Vilagarcía de Arousa. Durante a treboada, un raio impactou en distintos puntos da rede de iluminación, provocando a avaría de numerosas luminarias. Como consecuencia destes danos, varias zonas da localidade quedaron sen iluminación adecuada, o que afecta á seguridade viaria e ao benestar da cidadanía.

Para solucionar esta situación e restablecer o servizo, é necesario proceder á adquisición de 100 luminarias de 30 e 50 W que permitan substituír as unidades dañadas. A reposición inmediata do alumado danado é fundamental para garantir unhas condicións óptimas de visibilidade nas vías públicas e previr posibles incidentes derivados da falta de iluminación.

A compra deste material permitirá dispoñer dun stock de reposición para futuras avarías, asegurando unha resposta máis rápida e eficaz ante calquera incidencia similar.

Vista a proposta do Servizo de Alumado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Grupo Electro Stocks SLU - Kilovatio Arousa, para o subministro de 100 luminarias de 30 e 50 W destinadas á reposición do alumado danado pola tormenta do 27 de xaneiro de 2025, garantindo así a continuidade e o correcto funcionamento do servizo de iluminación pública, por un importe total de 8.117,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/0395**

Como consecuencia do desenvolvemento urbanístico do municipio cada certo tempo realízanse traballos de campo co fin de revisar e actualizar a planimetría do rúe municipal.

En algúns casos hai que crear novas vías e/ou altera-la orde de numeración das vivendas xa existentes nestas rúas, co fin de poder asignarlle ás novas o número que lle corresponde en función do seu empraamento.

Neste caso é necesario darlle nome a uns viais existentes na parroquia de Carril e de Bamio, en concreto nos seguintes paraxes:

Vial que vaia ó Cemiterio de Carril, paralela a rúa Cervantes do Carril.

Vial estrada PO-548 dende a rotanda da gasolinera de Bamio ata o semáforo, á altura da rúa Campanario.

A partir dese semáforo xa existe a Avda. Compostela que discorre ata o límite co Concello de Catoira.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2025/0396**

Dáse conta da publicación no DOG nº 20, do 30 de xaneiro de 2025, da Orde do 23 de xaneiro de 2025 da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático pola que se establecen as condicións para a adhesión das entidades locais ao Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión de plantas de compostaxe, promovida pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente SA. (Sogama). A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se dea conta aos Mestres Composteiros.

#### **PRP2025/0397**

Dáse conta de publicación no DOG nº 21, de 31 de xaneiro de 2025 de Resolución de 22 de xaneiro de 2025 da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático pola que se fai público o importe do canon específico de tratamento por tonelada en plantas da fracción orgánica dos residuos urbanos que deberá aplicar a Sociedade Galega do Medio Ambiente SA (Sogama) para o ano 2025, que se establece na suma de 51,40 € por cada tonelada de residuos domésticos FORSU xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2025/0398**

Dáse conta de publicación no DOG nº 22, do 3 de febreiro de 2025, de Resolución do 24 e xaneiro de 2025 da Consellería do Medio Rural, pola que se publica a oitava addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

### **PRP2025/0383**

O centro de Servizos Sociais Comunitario Básico como porta de entrada ao sistema de servizos sociais e próximo á cidadanía, conta entre as súas funcións o fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada, enmarcadas dentro do Programa de fomento da cooperación e solidariedade social.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade intervéñen no eido da cooperación ao desenvolvemento a través de diferentes proxectos e actividades de sensibilización. A adhesión a esta entidade por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa nos permitiría desenvolver accións e actividades enncamiñadas a cumprir cun dos programas básicos de Servizos Sociais e promover a oferta das memas no eido da prevención, dinamización comunitaria, sensibilización e cooperación para o desenvolvemento.

Visto o que antecede e a proposta da Concelleira da área de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da cota anual do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para o ano 2025 por importe de 3.044,36 €, con cargo á partida 231.489.

## **EMPREGO**

### **PRP2025/0342**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro Dual de Emprego - FORME 2024, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a contratación do servizo de formación na materia complementaria "Sensibilización Medioambiental (FCOA02), 9 horas do Obradoiro Dual de Emprego, a Dona maria José Rial Rey, por un importe total de 230,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2025/0351**

Dáse conta da notificación por parte da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da resolución Consellería de Economía, Industria e Innovación da proposta de resolución pola que se finaliza o procedemento de perda do dereito ao cobramento da subvención para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e para a dinamización e revitalización das prazas de abastos dentro da Orde de 27 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para

a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para o impulso da Rede de Mercados excelentes 2023-2024.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación concedeu ao Concello de Vilagarcía unha subvención ao abeiro da devandita Orde de 13 de abril de 2023 (DOG 27 de abril de 2023).

Tal como reflicte o anexo da resolución, para o ano 2023, concedéronse 67.652, 55 Euros, e para o ano 2024, 15. 527, 14 Euros, sendo que os conceptos subvencionables con cargo ao exercicio 2024, foron, na súa meirande parte, bolsas e packaging propio do mercado.

|                                                         |                         |           |                             |                |    |                    |           |
|---------------------------------------------------------|-------------------------|-----------|-----------------------------|----------------|----|--------------------|-----------|
| EXPTE: IN223A/2023-19                                   |                         |           |                             | NIF: P3606000B |    |                    |           |
| Entidade Beneficiaria: CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA |                         |           |                             |                |    |                    |           |
| Actuación subvencionable                                | Investimento solicitado |           | Investimento subvencionable |                | %  | Importe subvención |           |
|                                                         | 2023                    | 2024      | 2023                        |                |    | 2023               | 2024      |
| Liña 1h. Mentoring                                      | 4.477,00                |           |                             |                | 80 | 3.581,6            |           |
| Liña 1                                                  | 67.652,55               | 19.408,92 | 67.652,55                   | 19.408,92      | 80 | 54.122,04          | 15.527,14 |
|                                                         |                         |           |                             |                |    |                    |           |
| TOTAL                                                   | 72.129,55               | 19.408,92 | 72.129,55                   | 19.408,92      |    | 57.703,64          | 15.527,14 |
|                                                         |                         |           |                             |                |    |                    |           |

A Orde reguladora de 27 de abril de 2023, establecía como data límite de execución e xustificación para a axuda correspondente ao exercicio 2023, o 15 de novembro de 2023 e como data límite para a execución e xustificación da axuda correspondente ao exercicio 2024, o 15 de novembro de 2024.

Posteriormente, o 16 de setembro de 2024, o Concello de Vilagarcía foi notificado da concesión de axuda no marco da Orde de 9 de xullo de 2024 (DOG 19 de agosto de 2024) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para o impulso da Rede de mercados excelentes de Galicia e para a dinamización e revitalización das prazas de abastos para o ano 2024 (exppte. PROMECON/2024/000031), por contía de 65.501,51 €, para, entre outros, os mesmos conceptos que foran subvencionados con cargo á convocatoria de 2023 (bolsas e packaging coa imaxe do mercado, sendo igualmente coincidente a data límite da execución e xustificación da subvención (15 de novembro de 2024). Por esta razón, os elementos (bolsas e packaging coa imaxe do mercado) foron adquiridos con cargo á convocatoria 2024, dentro do prazo de execución e xustificación establecido na devandita convocatoria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### XUVENTUDE

#### PRP2025/0305

Dáse conta da Orde do Ministerio de Cultura e Deporte pola que se convocan subvencións en réxime de concorrència competitiva PARA A PROMOCIÓN DA LECTURA E AS LETRAS ESPAÑOLAS CORRESPONDENTES AO ANO 2025.

A Orde establece a posibilidade de acceder á axuda tanto de proxectos a desenvolver en Castelán como nas linguas oficiais das CCAA.

As axudas teñen por finalidade a promoción da lectura entre o público en xeral, festivais literarios, feiras do libro e accións de promoción da lectura e da lectura de calidade entre a poboación infantil

e xuvenil.

Con cargo a esta convocatoria finánciase como máximo o 50% do custo total efectivo de cada actividade subvencionada. O 50% restante deberá ser financiado polo Concello de Vilagarcía, a través das partidas das concellerías de Xuventude, Cultura e Turismo, mediante os seus recursos e ingresos propios ou mediante outras axudas públicas.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención para o proxecto de “Vilagarcía, Cidade de Libro 2025”.

A cantidade estimada para o desenvolvemento do programa “Vilagarcía, Cidade de Libro”, ascende a un total de 75.575 euros, solicitando ao Ministerio de Cultura, 37.787,50 euros.

A distribución do gasto por partidas sería o seguinte:

Con cargo á partida 2314.22610: 37.287,50 euros (o 49,34% do custo do proxecto).

Con cargo á partida 334.22609: 37.287,50 euros (o 49,34% do custo do proxecto).

Con cargo á partida 432.22610: 1000 euros (o 1,32% do custo de proxecto).

### **PRP2025/0312**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos orzamentos para a adquisición de distintos materiais para a realización da seguinte acción cultural: FESTA DA TOMA DAS UVAS 24, que terá lugar o día 31 de decembro en Praza Ravella, en horario de 11:00 a 13:30 horas, figurando no mesmo:

... por un importe total de 8.601,79 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610, coa seguinte desagregación:

- NELSON QUINTEIRO ROA: adquisición de materiais, deseño escenográfico, construción e posta a punto dos elementos escénicos a empregar no evento “Desfile Celta do Sol Nacente” que terá lugar o día 31 de decembro de 2024 no Concello de Vilagarcía como prolegúmeno á celebración das uvas na praza de ravella. sol xigante articulado, vestiario e estandartes, pozo dos desexos, por un importe total de 5.625,50 € (IVE incluído),

...

E debendo figurar:

... por un importe total de 8.602,79 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610, coa seguinte desagregación:

- NELSON QUINTEIRO ROA: adquisición de materiais, deseño escenográfico, construción e posta a punto dos elementos escénicos a empregar no evento “Desfile Celta do Sol Nacente” que terá lugar o día 31 de decembro de 2024 no Concello de Vilagarcía como prolegúmeno á celebración das uvas na praza de ravella. sol xigante articulado, vestiario e estandartes, pozo dos desexos, por un importe total de 5.626,50 € (IVE incluído),

...

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2025/0371**

Vista a proposta da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da actividade, bases e orzamento do obradoiro "Taller de Estimulación cognitiva e Psicomotricidade", a realizar por AFAGA ALZHERIMER, Asociación de Familiares de Enfermos de

Alzheimer e outras demencias de Galicia, por un importe de 11.628,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2313.22610.

Dita actividade está cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra (Plan + Provincia)

O obradoiro celebrarase ao longo do ano 2025 en dúas quendas: unha dende o 27 de febreiro ao 17 de xullo de 2025 e outra do 4 de setembro ao 18 de decembro de 2025, todos os xoves hábiles distribuíndose en grupos de 20 persoas cada un, en quendas de 2 horas, previsiblemente en horario de: 10 a 12 h; de 16 a 18 h e de 18 a 20 h.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

### PRP2025/0364

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Convenio de Colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) con C.I.F. Q6550009B e O Concello de Vilagarcía de Arousa, debidamente asinado, para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorio do 1º semestre de 2025, no que se estipulan as condicións do mesmo.

PRIMEIRO: A continuación detallase a programación que este Concello de Vilagarcía, ten previsto realizar no primeiro semestre do 2025 así como a aportación establecida (Condición 4º do convenio):

| COMPañÍA                            | ESPECTÁCULO      | DATA       | HOR A | APORTACIÓN AGADIC | APORTACIÓN CONCELLO | IMPORTE     |
|-------------------------------------|------------------|------------|-------|-------------------|---------------------|-------------|
| IBUPROFENO TEATRO S.L.<br>B94155389 | RECONVERSIÓN     | 22-02-2025 | 20:00 | 2.904,00€         | 2.904,00€           | 5.808,00€   |
| ELEFANE ELEGANTE S.C.<br>J70223680  | KYOKI            | 29-03-2025 | 18:00 | 1.089,00€         | 1.089,00€           | 2.178,00€   |
| MARTA ALONSO TEJADA<br>34987586D    | SOFÁ             | 12-04-2025 | 20:00 | 2.674,00€         | 1.146,00€           | 3.820,00€   |
| SARABELA TEATRO S.L.<br>B32117483   | O DRAGÓN DE OURO | 02-05-2025 | 20:00 | 2.060,00€         | 2.060,00€           | 4.120,00€   |
| TOTAL                               |                  |            |       | 8.727,00€         | 7.199,00€           | 15.026,00 € |

Informar que no caso da representación do espectáculo de Danza denominado SOFÁ o día 12-04-2025, o importe asumido polo AGADIC é do 70% (2.674,00€) e polo Concello de Vilagarcía é do 30% (1.146,00€)

SEGUNDO: O custe total das actividades ascende a un total de 15.026,00€, que será sufragado coas seguintes achegas:

-AGADIC colabora coa achega de 8.727,00€:

-CONCELLO DE VILAGARCÍA, colaborará coa cantidade restante de 7.199,00€, con cargo á partida 334.22609.

Será a cargo do Concello de Vilagarcía o pago dos dereitos de autor ou calquera outro canon, arbitrios, etc, devengados pola celebración das representacións obxecto deste convenio.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Convenio de Colaboración, debidamente asinado, entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios do primeiro semestre do ano 2025.

## CONTRATACIÓN

### PRP2025/0353

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 31 de xaneiro de 2025 de concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa co obxecto do financiamento do investimento incluído no II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas "Reforma da Pista de Atletismo de Fontecarmoa", por un importe de 164.255,86 €.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

### PRP2025/0354

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 03/06/2024 acordou aprobar a adquisición dos inmobles con Ref. Catastrais: 9664802NH1196S0032RH, 9664802NH1196S0034YK, 9664802NH1196S0035UL e 9664802NH1196S0033TJ (leiras rexistrais números 12653, 12654, 12655 e 12656 do Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa), situados nas rúas Pablo Iglesias e Eduardo Pondal do municipio de Vilagarcía de Arousa, para a ubicación do novo Centro de Servizos Sociais Municipais.

Con data 26/07/2024, ante Notario se firma escritura de compra-venta dos inmobles descritos anteriormente.

Vista a proposta da Área de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o Contrato menor de servizos de "REDACCIÓN DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN E ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL NOS DURÁNS PARA OFICINA DE SERVICIOS SOCIAIS" ao Arquitecto Iago Fernández Puentes (NIF 46903614J) por un importe total de 13.800,00 € (sen IVE) 16.698,00 € (con IVA), de conformidade co orzamento presentado, con cargo á aplicación orzamentaria 134-22706.

### PRP2025/0411

Dáse conta do expediente de contratación CT 34/2024-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar as obras incluídas no proxecto denominado "Humanización da Rúa Conde Vellellano", financiadas pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan máis Provincia), cun orzamento de licitación de 522.495,90 € (sen IVE) e de 632.220,04€ (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B36147429 CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.

NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

NIF: B36162030 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L.

NIF: B36239861 EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

NIF: A15210669 LOPEZ Y LEIS, S.A.

NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.

NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

NIF: B36163418 NAROM SL

NIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L.

NIF: B36494185 ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

NIF: A70319678 PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

NIF: B70372032 SERGONSA SERVICIOS, S.L.

NIF: B94006947 VILARIÑO ESP, S.L.U.

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

| LICITADOR                                                | Oferta económica sen IVE | MELLORA: incremento do prazo de garantía fixado nos pregos | MELLORA de documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos | MELLORA da partida 4.5 do proxecto técnico de obra: aumento do número de hidrantes |
|----------------------------------------------------------|--------------------------|------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|
| Contrucciones E.C. Casas S.L.                            | 498.461,09 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA)             | 502.118,56€              | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| Construcciones Vale, S.L.                                | 459.169,40 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.               | 460.841,00 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L. | 451.802,21 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| López y Leis, S.A.                                       | 477.700,00 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| Moncosa OHS, S.A.                                        | 474.949,00 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.    | 456.452,42 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| Narom, S.L.                                              | 484.040,21 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | NO                                                                                 |
| Nemesio Ordoñez, S.A.                                    | 485.346,44 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| NOVAIAL S.L.                                             | 484.458,20 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.            | 463.453,86 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.                           | 484.092,45 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L.                                 | 493.658,00 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |
| VILARIÑO ESP, S.L.U.                                     | 473.256,54 €             | SÍ (3 ANOS)                                                | SÍ                                                                                         | SÍ                                                                                 |

De acordo cos cálculos efectuados, resulta que cinco das ofertas presentan valores anormais ou desproporcionados, de conformidade co establecido na cláusula 12.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que reñen a licitación. Así, a oferta presentada polas mercantis Construcións Vale, S.L. é un 3,67% inferior á media aritmética das ofertas presentadas; a oferta de Construcións e Proxectos Abilleira, S.L. é un 3,32% inferior, a de Escavacións e Construcións Manuel Pérez Portela, S.L., un 5,21%; a oferta dos mercantil Movementsos de Áridos e Construcións de Arousa, S.L. é un 4,24 % inferior á media das ofertas presentadas e a da empresa ORESA CONSTRUCCION E SERVIZOS GLOBAIS, S.L., un 2,77%.

A mesa de contratación acorda que se requira ás licitadores Construcións Vale, S.L., Construcións e Proxectos Abilleira, S.L., Escavacións e Construcións Manuel Pérez Portela, S.L., Movementsos de Áridos e Construcións de Arousa, S.L. e ORESA CONSTRUCCION E SERVIZOS GLOBAIS, S.L., cuxas ofertas se atopan incursas en presunción de anormalidade, para os efectos de que xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definiu a anormalidade das ofertas, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

De conformidade co informe técnico do Arquitecto Municipal, e en base ao contido do mesmo, a mesa de contratación propón ao órgano de contratación a desestimación da xustificación presentada polas empresas Construcciones Vale, S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L. y ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, e a súa consecuente exclusión na clasificación das ofertas e a estimación

da xustificación presentada pola Empresa Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SL. A mesa de contratación, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP, acorda asignar ás ofertas admitidas a seguinte puntuación:

| LICITADOR                                                | Oferta económica sen IVE | Puntuación oferta económica | Puntuación mellora: incremento do prazo de garantía fixado nos pregos | Puntuación mellora de documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos | Puntos mellora da partida 4.5 do proxecto técnico de obra: aumento do número de hidrantes | TOTAL PUNTOS                       |
|----------------------------------------------------------|--------------------------|-----------------------------|-----------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|
| Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L. | 451.802,21 €             | 30                          | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 100 (proposto para exclusión)      |
| Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.    | 456.452,42 €             | 28,03                       | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 98,03 (proposto para adxudicación) |
| Construcciones Vale, S.L.                                | 459.169,40 €             | 26,87                       | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 96,87 (proposto para exclusión)    |
| Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.               | 460.841,00 €             | 26,16                       | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 96,16 (proposto para exclusión)    |
| ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.            | 463.453,86 €             | 25,06                       | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 95,06 (proposto para exclusión)    |
| VILARIÑO ESP, S.L.U.                                     | 473.256,54 €             | 20,9                        | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 90,9                               |
| Moncosa OHS, S.A.                                        | 474.949,00 €             | 20,18                       | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 90,18                              |
| López y Leis, S.A.                                       | 477.700,00 €             | 19,01                       | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 89,01                              |
| PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.                           | 484.092,45€              | 16,3                        | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 86,3                               |
| NOVAIAL S.L                                              | 484.458,20 €             | 16,14                       | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 86,14                              |
| Nemesio Ordoñez, S.A.                                    | 485.346,44 €             | 15,76                       | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 85,76                              |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L.                                 | 493.658,00 €             | 12,24                       | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 82,24                              |
| Construcciones E.C. Casas S.L.                           | 498.461,09 €             | 10,2                        | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 80,2                               |
| Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA)             | 502.118,56€              | 8,65                        | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 20                                                                                        | 78,65                              |
| Narom, S.L.                                              | 484.040,21 €             | 16,32                       | 30                                                                    | 20                                                                                                    | 0                                                                                         | 66,32                              |

Unha vez proposta a admisión dos mercantil Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa SL e a exclusión das licitadores Construcciones Vale, S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L. y ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES SL, e de conformidade coa avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a Mesa de contratación conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B36239861 EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.  
Proposto para a súa exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100  
Total puntuación: 100  
